



PROTOCOLO DE ACTIVIDADES ESCOLARES IES XUNQUEIRA II

I. INTRODUCCIÓN

As actividades complementarias e extraescolares figurarán, como corresponde, na PXA (Programación Xeral Anual).

As excursións, intercambios, visitas culturais e, en xeral, as actividades complementarias e extraescolares que teñan lugar no centro, serán organizadas polos respectivos Departamentos Didácticos, clubs ou profesorado interesado baixo a supervisión da Xefatura de Estudos e a Vicedirección.

Antes da súa inclusión na PXA, a Vicedirección velará por que as actividades propostas teñan unha repartición equitativa, equilibrada e axeitada entre os distintos trimestres, grupos e niveis educativos.

A Vicedirección dará autorización, sempre e cando, as actividades cumpran os requisitos establecidos neste protocolo e rexistrará a actividade no **CALENDARIO MENSUAL** (do curso e nivel correspondente) que aparece na **AULA VIRTUAL** do centro, no apartado **AXENDA DE ACTIVIDADES E PROBAS**. Alí, os membros da comunidade educativa poderán acceder a toda a información sobre as actividades realizadas e aquelas que estea previsto realizar. As familias terán a posibilidade de consultar todas as actividades programadas na **páxina web** do centro no **CALENDARIO DE ACTIVIDADES**. Este calendario será tamén posto a disposición de toda a comunidade docente no panel da sala do profesorado destinada a Vicedirección.

En circunstancias extraordinarias, pódese dar o caso de que se solicite a aprobación por parte do Consello Escolar dalgunha actividade que, por imprevista, non estivese recollida na PXA.

Diferéncianse **tres tipos de actividades**:

1. ACTIVIDADES QUE IMPLICAN CONTINUIDADE DURANTE TODO O CURSO. Inclúense na devandita categoría:

- PLAMBE
- Club de Ciencia
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- Clubs de Lectura
- AMPA Helenes (cursos de inglés polas tardes)
- Equipo de Igualdade
- Equipo de Convivencia e Benestar

2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo



momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, conmemoracións e outras semellantes.

3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais... teñen lugar fóra do horario lectivo.

***** A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares terá carácter voluntario e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores legais sempre que se realicen fóra do horario lectivo (extraescolares), fóra do centro e das súas inmediacións e/ou teñan un custe para o alumnado.**

II. PASOS A SEGUIR PARA ORGANIZAR UNHA ACTIVIDADE

- a) Os Departamentos Didácticos elaborarán, como parte das súas Programacións, unha relación de actividades complementarias e extraescolares a desenvolver ao longo do curso. **Desta relación entregarase unha copia á Vicedirección no mes de setembro, unha vez estean as Programacións entregadas a XE.**
 - b) **O Departamento ou profesor/a implicado na realización dunha actividade deberá entregar en Vicedirección o Anexo I debidamente cumprimentado. No caso dunha saída ou viaxe, con 15 días de antelación á súa realización. Se a saída é na cidade de Pontevedra, bastará con 7 días de antelación. Este anexo inclúe unha listaxe de participantes (alumnado e profesorado) co fin de realizar os trámites necesarios (enviar á Inspección e avisar ao profesorado afectado).**
- Este listado será colocado no taboleiro destinado a Vicedirección na Sala de Profesorado e tamén nas aulas afectadas.**
- c) **Se a actividade debe contar coa aprobación do Consello Escolar, hai que presentala con 15 días de antelación para poder convocar aos seus membros sen precipitación.**
 - d) O profesorado organizador dunha actividade complementaria ten a posibilidade de comunicar ás familias a actividade a desenvolver (cando non esixa autorización previa) a través do impreso (**Anexo III**).
 - e) Para poder participar nas actividades, **o alumnado deberá estar autorizado polas súas familias ou representantes legais** conforme ao modelo de autorización que se lles proporcionará e no que, cando sexa pertinente, se deberán marcar tamén as intolerancias e alerxias. (**Anexo II**).

A autorización será facilitada por Vicedirección á persoa responsable da actividade, quen deberá facer as copias necesarias e repartilas entre o alumnado.



As autorizacións asinadas **deberán ser entregadas na Secretaría do centro, xunto coa cantidade de diñeiro necesaria para sufragar os gastos cando sexa necesario.**

O prazo para entregar esas autorizacións rematará dous días antes da realización da actividade. Estas autorizacións serán conservadas por Vicedirección durante todo o curso.

f) **Ao termo de cada actividade, o/a coordinador/a da mesma elaborará unha pequena memoria**, indicando cantas incidencias se produciran, os problemas xurdidos, as solucións achegadas e as oportunas suxerencias para a planificación de sucesivas actividades.

III. REGULAMENTO

1. As actividades complementarias e extraescolares realizaranse preferentemente durante o 1º e 2º trimestre, exceptuando sempre a semana previa ás avaliacións; durante o 3º trimestre, nos meses de maio e xuño, autorizaranse exclusivamente aquelas actividades que, polas súas características especiais, ou por circunstancias concretas, sexa preferible facelas nos meses de maio e xuño.

2. Procurarase que as actividades teñan o menor custo posible para que poidan ser realizadas polo conxunto do alumnado e non presenten discriminación por razóns económicas. Neste sentido, os Dptos. velarán por organizar actividades a través de organismos públicos que as ofrezan con gratuidade (Concellos, Deputacións...).

3. Para que unha actividade extraescolar se realice deberá participar, alomenos, o 50% do alumnado ao que vaia dirixido a actividade.

4. No caso de actividades complementarias realizadas no centro, o profesorado que teña clase co grupo de alumnado implicado na mesma, será quen se ocupe de levar e coidar aos alumnos/as durante a súa celebración, agás motivos de xustificada ausencia.

5. O número de profesores/as por viaxe será de 1 por cada 20 alumnos/as, agás que as condicións e circunstancias excepcionais aconsellen outro número superior. En viaxes con menos de 20 alumnos/as será necesario contar sempre con 2 profesores/as.

En circunstancias excepcionais, poderá asistir ademáis un pai, nai, titor/a legal, monitor/a ou persoal implicado na comunidade educativa.

6. No caso de que coincidan varias actividades para un mesmo grupo ou un mesmo día, a Vicedirección priorizará aquelas presentadas con maior antelación.

8. O alumnado que non asista a unha actividade extraescolar, estará obrigado a asistir ás súas clases correspondentes.

9. Procurarase a maior interdisciplinabilidade na organización das actividades co fin de realizar saídas dun carácter formativo e integral.



10. A Vicedirección e os departamentos aos que afecte a actividade, serán os encargados de difundir e coordinar a realización das mesmas.

11. O profesorado acompañante deixará organizado traballo para os grupos non implicados na actividade. Este traballo será depositado nunha bandexa habilitada na Sala de Profesorado, onde o recollerá o profesorado de garda (ou o profesorado que tivese clase nas sesións correspondentes co alumnado que realiza a actividade), que será o encargado da entrega do mesmo.

12. Os alumnos/as que fosen sancionados con faltas de conduta contrarias ás normas de convivencia, poderán ser excluídos das actividades complementarias e extraescolares, a xuízo do profesorado responsable da actividade en coordinación coa Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.

13. O alumnado sancionado cunha falta leve por non ter mantido un comportamento axeitado no centro durante as actividades complementarias ou extraescolares, poderá perder o dereito a participar en posteriores actividades complementarias ou extraescolares ao longo dese curso escolar. A Xefatura de Estudos será a encargada de supervisar este aspecto.

14. En casos excepcionais, no contexto de viaxes, o alumnado que cometa algunha falta grave durante a actividade extraescolar, poderá perder o dereito a seguir desenvolvéndoa, sendo os seus titores legais os que terán que facerse cargo do/a alumno/a, recolléndoo/a no lugar no que se atope ou organizando a súa volta a casa, asumindo o custo que implique.